

# DEPTO. LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

## 2º BAC.

### CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES E CRITERIOS DE AVALIACIÓN A TER EN CONTA PARA A OBTENCIÓN DUNHA AVALIACIÓN POSITIVA

1. Lingua e sociedade.
  - 1.1. Variedades diatópicas da lingua española: o español de América.
  - 1.2. Realidade plurilingüe e pluricultural de España.
  - 1.3. O comentario lingüístico de distintos textos atendendo ás variedades da lingua empregadas.
2. Comunicación.
  - 2.1. Tipoloxía textual: ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial. Texto expositivo, argumentativo, xornalístico e publicitario.
  - 2.2. A lingua e os medios de comunicación social.
  - 2.3. O resume, esquema e comentario crítico de textos literarios, ensaísticos ou xornalísticos.
3. Morfoloxía.
  - 3.1. Os compoñentes básicos da palabra en español. Segmentación e análise morfolóxica dos compoñentes da palabra.
  - 3.2. Categorías gramaticais.
4. Sintaxe: análise e clasificación de:
  - 4.1. Oracións simples.
  - 4.2. Oracións compostas por coordinación.
  - 4.3. Oracións compostas por subordinación.
  - 4.4. A xustaposición.
5. Léxico e Semántica.
  - 5.1. Organización do léxico: familia léxica e campo semántico.
  - 5.2. Relacións semánticas: sinonimia, antonimia, complementariedade, reciprocidade, hiponimia, hiperonimia, homonimia.
  - 5.3. A procedencia do léxico: neoloxismos, préstamos, cultismos.
6. Iniciación á gramática textual:
  - 6.1. O texto como unidade de sentido e como forma de intercambio comunicativo.
  - 6.2. Adecuación, coherencia e cohesión.
  - 6.3. Os marcadores textuais
7. Literatura.
  - 7.1. Literatura entre 1900 e 1940:
    - 7.1.1. Poesía: Modernismo e 98, Simbolismo, Vangardas, Xeración do 27. Unamuno, A. Machado, J.R. Jiménez, García Lorca.
    - 7.1.2. Prosa narrativa e ensaio: Modernismo e 98, Novecentismo,

Vangardas, Xeración do 27. Unamuno, Baroja, Valle-Inclán.

7.1.3. Teatro: Modernismo e 98, Simbolismo, Expresionismo, Vangardas, Xeración do 27: Unamuno, Valle-Inclán, García Lorca.

7.2. Literatura entre 1940 e a actualidade:

7.2.1. Lírica. Poesía existencial e social, Xeración do 50, *Novísimos*, últimas tendencias

7.2.2. Prosa narrativa. Da novela social á renovación, a experimentación e as novas tendencias.

7.2.3. Ensaio.

7.2.4. Teatro. Teatro de posguerra, teatro existencialista e social, teatro renovador e experimentalista, últimas tendencias.

7.2.5. A literatura hispanoamericana do s. XX e actual.

7.3. Lectura e análise das obras propostas polo Departamento, segundo as recomendacións da Comisión Interuniversitaria de Galiza.

8. As convencións ortográficas.

8.1. Ortografía da palabra.

8.2. Ortografía do discurso.

Os alumnos deben utilizar con propiedade as normas ortográficas e corrixir os erros de concordancia e de incoherencia e inadecuación dos seus textos académicos.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Os criterios de avaliación establecidos para este curso son os seguintes:

- escoitar de forma activa e analizar textos orais argumentativos e expositivos procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial, identificando os trazos propios do seu xénero, relacionando os aspectos formais do texto coa intención comunicativa do emisor e co resto dos factores da situación comunicativa.
- Sintetizar o contido de textos expositivos e argumentativos orais do ámbito educativo (conferencias e mesas redondas), diferenciando a información relevante e accesoria, e utilizando a escoita activa como un medio de adquisición de coñecementos.
- Extraer información de textos orais xornalísticos e publicitarios procedentes dos medios de comunicación social, recoñecendo a intención comunicativa, o tema, a estrutura e o contido, identificando os trazos propios do xénero xornalístico e os recursos verbais e non verbais utilizados, e valorando de forma crítica a súa forma e o seu contido.
- Comprender e producir textos expositivos e argumentativos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, identificando a intención do emisor, resumindo o seu contido, diferenciando a idea principal e explicando o modo de organización.
- Escribir textos expositivos e argumentativos propios do ámbito educativo con rigor, claridade e corrección, empregando argumentos adecuados e convincentes, e axustando a súa expresión á intención comunicativa e ao resto das condicións da situación comunicativa.
- Analizar textos escritos argumentativos e expositivos propios dos ámbitos

educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, identificando os seus trazos formais característicos e relacionando as súas características expresivas coa intención comunicativa e co resto dos elementos da situación comunicativa.

- Realizar comentarios críticos onde o alumno amose madurez e coherencia na argumentación dos seus razoamentos, sentido crítico ante o tema, e madurez e corrección na expresión das súas propias ideas e un léxico variado. Así mesmo, deberá gardar respecto ás normas ortográficas e á presentación dos seus exercicios
- Recoñecer e explicar o proceso de formación das palabras en español, aplicando os coñecementos adquiridos para a mellora, a comprensión e o enriquecemento do vocabulario activo.
- Recoñecer e identificar os trazos característicos das categorías gramaticais, e explicar os seus usos e valores nos textos.
- Identificar e explicar os niveis de significado das palabras ou expresións en función da intención comunicativa do discurso oral ou escrito en que aparecen.
- Observar, reflexionar e explicar as estruturas sintácticas dun texto, sinalando as conexións lóxicas e semánticas que se establecen entre elas.
- Aplicar os coñecementos sobre estruturas sintácticas dos enunciados para a realización, a autoavaliación e a mellora de textos orais e escritos, tomando conciencia da importancia do coñecemento gramatical para o uso correcto da lingua.
- Aplicar os coñecementos sobre o funcionamento da lingua á comprensión, á análise e ao comentario de textos de distinto tipo procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial, relacionando os usos lingüísticos (marcas de obxectividade e subxectividade; referencias deícticas temporais, espaciais e persoais, e procedementos de cita) coa intención comunicativa do emisor e o resto dos elementos da situación comunicativa.
- Explicar a forma de organización interna dos textos expositivos e argumentativos.
- Reflexionar sobre a relación entre os procesos de produción e recepción dun texto, recoñecendo a importancia que para a súa comprensión teñen os coñecementos previos que se posúen a partir de lecturas anteriores que se relacionan con el.
- Coñecer a situación do español no mundo, as súas orixes históricas e os seus trazos característicos, e valor as súas variantes.
- Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.
- Coñecer os aspectos temáticos e formais dos principais movementos literarios do século XX ata os nosos días, así como os autores e obras máis significativos.
- Ler e analizar textos literarios representativos da historia da literatura do século XX ata os nosos días, identificando as características temáticas e formais, en relación co contexto, o movemento, o xénero ao que pertence e a obra do/da autor/a, e constatando a evolución histórica de temas e formas.
- Interpretar de xeito crítico fragmentos ou obras da literatura do século XX ata os nosos días, recoñecendo as ideas que manifestan a relación da obra co

seu contexto histórico, artístico e cultural.

- Desenvolver por escrito un tema da historia da literatura do século XX ata os nosos días, expondo as ideas con rigor, claridade e coherencia, e achegando unha visión persoal.
- Elaborar un traballo de carácter educativo en soporte impreso ou dixital sobre un tema do currículo de literatura consultando fontes diversas, adoptando un punto de vista crítico e persoal, e utilizando as tecnoloxías da información.

### **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

Realizarase como mínimo unha proba escrita en cada avaliación que abranxa os contidos estudados. No caso de facer máis de unha, a nota mínima que o alumno debe acadar en cada unha delas é de 3,5. Se a nota é inferior a 3,5 en calquera das probas da avaliación, non se fará media coas demais e considerárase dita avaliación non superada ou suspensa. Así mesmo, o profesor fará unha media ponderada dos exames realizados na avaliación, atendendo aos contidos impartidos. Unha vez efectuada dita media, a nota mínima que o alumno debe obter para considerar esta aprobada ou superada é 5.

A final de curso poderán establecerse probas parciais ou globais para aqueles alumnos que non superaron algunha das avaliacións ó longo do curso. Como norma xeral, aqueles alumnos que teñan unha avaliación non superada ou suspensa farán unha proba de recuperación parcial desa avaliación. Os alumnos que teñan máis de unha avaliación non superada ou suspensa realizarán unha proba ou exame global que abranxa todos os contidos da materia impartidos durante o curso. A nota mínima que o alumno debe acadar nestas recuperacións (tanto parcial como global) para considerar o curso aprobado na convocatoria de xuño é 5.

Para a avaliación extraordinaria de setembro establécense os seguintes puntos:

- ✓ Só se terá en conta para a cualificación o exame realizado.
- ✓ Serán materia de exame as lecturas obrigatorias marcadas durante o curso.
- ✓ O profesor que así o estime poderá mandar traballo de verán a aqueles alumnos suspensos na convocatoria de xuño.

Finalmente, hai que sinalar que o profesor poderá descontar ata un máximo de dous puntos por erros continuados no uso escrito da lingua (adecuación, coherencia, cohesión, ortografía).